



Expediente número: 1069/2017

**Sesión Ordinaria 03/2017 celebrada polo Pleno do Concello
o día 02 de marzo de 2017**

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria número 01/2017 do 26/01/2017 e sesión extraordinaria urxente 02/2017 do 23/02/2017.**
- 2. Aprobación de subvencións nominativas.**
- 3. Aprobación dun recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 13.731,48 €.**
- 4. Aprobación da modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestacións de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais.**
- 5. Actividades de control do pleno.**
 - 5 . 1 Dar conta das resolucións de Alcaldía.**
 - 5 . 2 Solicitudes de comparecencia.**
 - 5 . 3 Mocións.**
 - 5 . 4 Rogos e preguntas.**

No Multiúsos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da Alcaldía con data do 27 de febreiro de 2017, e sendo as vinte horas do 02 de marzo de 2017 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Ángela Antón Pazos, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Isaac Borja Araújo Figueroa, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laiño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do concello, Angel Santamariña Rivera, e actuou como secretaria, a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

O concelleiro Figueroa Rodríguez auséntase tras a votación do punto 3 dos da orde do día.



O alcalde fai un receso, para un descanso, ás 22:05 e reanúdase a sesión ás 22:25 horas.

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria número 01/2017 do 26/01/2017 e sesión extraordinaria urxente 02/2017 do 23/02/2017

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 01/2017 do 26/01/2017 e da acta da sesión extraordinaria urxente do 23/02/2017.

O concelleiro Crespo Abal indica que na acta 01/2017 non se reflectiu correctamente o acordo relativo á moción 5.3.2. xa que no lugar de aprobar a proposta relativa á concesión de Aqualia se acordou pasar a cuestión para o seu estudo por parte da comisión de servizos privatizados.

VOTACIÓN E ACORDO:

A corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acordou prestar aprobación ás actas correspondentes coa rectificación proposta polo concelleiro Crespo Abal.

2. Aprobación de subvencións nominativas.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 20/02/2017 que di:

“Asunto.- Aprobación de subvencións nominativas.

Vista a proposta da Presidencia, con data do 15 de febreiro de 2017, que transcrita di:

“Asunto: incoación de expediente de modificación de subvención nominativa.

Que o orzamento do ano 2016 se aprobou o día 30 de decembro de 2015 e foi publicado no BOPP número 30, do 15 de febreiro de 2016.

Para este ano, o devandito orzamento atópase prorrogado sen que, salvo excepcións xustificadas, non se prorrogaron as subvencións nominativas.

No Pleno do mes de xaneiro levouse unha proposta de aprobación de subvención nominativas que foi modificada no devandito Pleno. Aprobouse que se continúe o procedemento para os convenios coa Asociación Cultural Xente Titiriteira, coa Asociación Deportiva Islas Cíes-San Simón e co CCD Cesantes para a XXI Bandeira Bateis.

En datas posteriores á realización do Pleno convocáronse tres comisións para analizar polo miúdo o resto de convenios, agás os que atinxen á Confraría pescadores San Juan e a Asociación de Empresarios de Redondela que serán tratados máis adiante.

Na prórroga orzamentaria non constan os créditos precisos para a concesión das subvencións nominativas ás entidades que os viñan recibindo en anos anteriores. As citadas axudas municipais son moi necesarias para que poidan seguir desenvolvendo as súas actividades a prol das veciñas e veciños de Redondela. A consignación destas cantidades suporá, en todo caso, un esforzo adicional para o orzamento municipal.



Intervención emitiu o seu informe con data do 15 de febreiro de 2017.

É por isto que teño a ben propoñer ó Pleno do Concello de Redondela:

1. Aprobación das subvencións nominativas propoñendo as seguintes:

<u>PARTIDA</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>IMPORTE</u>
2311A.48000	AEC.....	3.000,00
2311A.48000	Asociación Lenda.....	11.000,00
2311A.48000	Diócese Tui-Vigo (Cáritas).....	15.000,00
2311A.48000	Hermanos Pobres de Teis.....	1.500,00
2311A.48000	Andaina.....	4.000,00
2311A.48000	Solidariedade Galega co Pobo Saharai.....	4.000,00
2311A.48000	ONG da Man.....	2.500,00
3341A.48900	Asociación Millo Verde.....	16.500,00
3341A.48900	Asociación Cultural e Social de Chapela.....	36.000,00
3411A.48901	Club atletismo Redondela.....	4.000,00
3411A.48901	CCD Cesantes (IV Bandeira).....	9.000,00
3411A.48901	Club de Remo Chapela.....	12.000,00

No caso de aprobarse procederase á súa exposición pública polo prazo de quince días hábiles no Taboleiro de Anuncios, tras a súa publicación no BOPP. No caso de que non houbera reclamacións á aprobación inicial, esta converteríase en definitiva; no caso de que houbera reclamacións, precisarase dunha nova aprobación por parte do Pleno e a súa publicación definitiva no BOP.”

Votacións e ditame.-

A Comisión Informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do grupo municipal do PP, as abstencións dos grupos municipais do PSG- PSOE e AER, estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que estan a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG non puido participar nalgunha das xornadas nas que se tratou a cuestión. Estaría a favor do incremento dos convenios na área de servizos sociais aínda que van votar a favor da proposta.



O concelleiro CRESPO ABAL di que se debería facer unha revisión máis profunda e vanse abster seguindo a liña do seu grupo. Esperan que se continúe a traballar no tema.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que están a favor de que efectivamente se siga a traballar neste tema.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a proposta do voceiro do BNG foi aumentar a subvención a dous colectivos concretos sen xustificar o devandito incremento, polo que considera que a citada petición ía en contra do que se pretendía co fin de mellorar a xestión destas subvencións.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a súa proposta se dirixía á meirande parte das entidades de carácter social e do mesmo xeito que en xullo de 2015 o PP acordou un incremento sen máis e sen xustificalo.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 17 votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 1 do BNG e 1 voto da concelleira non adscrita) e 4 abstencións de AER.

3. Aprobación dun recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 13.731,48 €

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 20/02/2017 que di:

“Asunto.- Aprobación dun recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 13.731,48 €.

Vista a proposta da Presidencia, con data do 15 de febreiro de 2017, que transcrita di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

Intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo con data do 15 de febreiro de 2017, así como a certificación de existencia de crédito.

Pola súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos, esta Alcaldía proponlle ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 13.731,48 euros,



distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2017:

TERCEIRO	Nº FACT	Data Fra.	Importe	Aplicación
CATERING DON PEPE S.L.	16C/33	27/04/16	181,50 €	3381A.20800
ASOCIACION CULTURAL SANTA MARIA DO VISO	INT012/16	31/12/16	130,00 €	3341A.22613
CIRCULO CULTURAL DEPORTIVO DE CESANTES	026/16	07/08/16	180,00 €	3341A.22613
CIRCULO CULTURAL DEPORTIVO DE CESANTES	030/16	18/11/16	130,00 €	3341A.22613
EXTINTORES CESIN, S.L.	25	29/12/16	193,60 €	3331A.21300
FARO DE VIGO S.A.U.	2016/0004439	28/12/16	1.200,62 €	3381A.22602
FEDERACION GALEGA DE BALONMAN	028/2016	18/07/16	1.650,00 €	3421A.22602
FERRALLA DOMINGUEZ, S.L.	15622	30/10/16	60,98 €	1531A.22699
IDAE CONSULTORIA RR.HH., S.L.	365/2016	15/12/16	1.050,00 €	2411A.22732
JOSE RAMIREZ BACELO	A016001423	20/12/16	532,40 €	1511A.20400
MARIA LORENA LOPEZ FERNANDEZ	42736	01/02/17	3.388,00 €	3341A.22706
MERCEDES LAGO SOUTO - Floristeria Arealonga	511	25/11/16	40,00 €	2311B.22699
MIGUEL ANGEL BARROS COUÑAGO-TRANSPORTES	16T162/16	23/12/16	399,30 €	1701A.22300
MIGUEL ANGEL BARROS COUÑAGO-TRANSPORTES	16T163/16	23/12/16	834,90 €	1701A.22300
MIGUEL ANGEL BARROS COUÑAGO-TRANSPORTES	16T164/16	23/12/16	235,95 €	1531A.22300
REVER, S.L.	708000009	10/01/17	217,80 €	9221A22706
IES PEDRO FLORIANI	-----	28/10/15	2.100,00 €	3421A.22100
GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE VIGO - A GUARDA	325	16/12/15	1.000,00 €	3331B.22699
EQUIPAMIENTO Y SEGURIDAD, S.L.	C2015/3288	01/12/15	206,43 €	MULTIAPLICACIÓN

Votacións e ditame.-

A Comisión Informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do grupo municipal do PP, as abstencións dos grupos municipais do PSG- PSOE e AER, e o voto en contra do grupo municipal do BNG, estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que van a votar en contra xa que non están de acordo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que á meirande parte das facturas non lle puxo problemas na comisión de facenda pero votou en contra porque non estaba a favor de dúas facturas: por unha banda, a do aluguer dun vehículo para levar a traballadores do

Concello de Redondela



concello cando un vehículo municipal está sendo utilizado en exclusiva por unha concelleira. Parécelle algo pequeno pero simbólico. Por outra banda, tampouco está de acordo coa factura da empresa de xestión cultural para amosar a súa protesta polo citado contrato cando hai outros que non cobran, como no caso dos convenios interparroquiais.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que eles se abstiveron na comisión de facenda e solicitan que se retire a factura relativa ao contrato de xestión cultural polo feito de que se abriu un expediente á empresa, logo foi arquivado, despois se solicitou pola mesma e se acordou a resolución do contrato. Consideran que se deben dar explicacións por esta cuestión. Refírese a devandito expediente sinalando que non lles parece forma de actuar e por iso piden que se retire a factura do mes de decembro e que se informe de todo o tema.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que coñecían o que comenta o voceiro de AER sobre o contrato da xestión cultural a través dunha resolución do mes de decembro. Van a apoiar a iniciativa de retirar esa factura.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que as facturas que se traen se refiren a servizos prestados e, como tales, existe a obriga de pagalos. En canto ao vehículo houbo que facer unha substitución para garantir a seguridade do traslado dos traballadores e para iso non había que quitar un vehículo ao servizo de vías e obras. En canto ao contrato de xestión cultural, foi tramitado legalmente e se presentou quen quixo. Cando houbo cousas que aclarar se abriu o expediente e se resolveu co arquivo, pero quen prestou o servizo ten dereito a cobrar. Non entende por qué hai que retirar esa factura xa que o expediente quedou pechado e se estaría marxinando a unha empresa. Non teñen inconveniente en aclarar as dúbidas en xunta de voceiros.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que sería conveniente saber todo o que afecta á empresa con independencia de que sexa legal. Critican que unha empresa que colabora na xestión cultural perciba 40 mil euros cando os convenios interparroquiais non chegan a isto. Pide que se aclare a xestión destes últimos meses. O do vehículo o considera simbólico xa que o outro non dá servizo a vías e obras, senón a unha concelleira.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que non lles parece normal como se liquidou o expediente e a relación do concello con esta empresa. Sinala que no seu día solicitaron información sobre o contrato e se lles dixo que non existía ningunha memoria ao respecto, a pesar de que estaba recollido como unha mellora no seu contrato. Insisten na súa proposta de que se retire a factura e se informe de forma axeitada.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que non procede dar explicacións unha vez que se pague a factura. Indica que o equipo de goberno non informou sobre o tema en ningún momento. Cre que non hai problema en que a factura se pague un pouco máis adiante.

O Alcalde propón agora un intercambio de impresións cos voceiros, tras o cal reanúdase a sesión.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que lle valen as aclaracións do Alcalde para absterse pero seguen a pedir que se dean explicacións na xunta de voceiros.



VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 9 votos a favor (9 do PP) e 12 abstención (6 do PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 voto da concelleira non adscrita).

4. Aprobación da modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestacións de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais.

O Alcalde indica que retiran este punto da orde do día.

5. Actividades de control do pleno.

5 . 1 Dar conta das resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda enterado a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Xestiona.

5 . 2 Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

5 . 3 Mocións.

5.3.1. Moción de Amnistía Internacional asumida polos grupos políticos da corporación.

ANTECEDENTES:

Moción asumida polos grupos políticos o día 17/02/2017 con número 2.207 que se transcribe a continuación:

“Estamos asistindo a unha situación sen precedentes e ante a que é preciso que a comunidade internacional tome medidas urxentes e inmediatas e actúe en consecuencia.

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de dereitos humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación está poñendo ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de urxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigacións internacionais en materia de dereitos humanos e protección internacional.

O pasado 22 de setembro cumpríase un ano desde que os líderes da Unión Europea acordasen un mecanismo de recolocación de urxencia para compartir a responsabilidade de quen solicitan asilo. Con todo, decenas de miles de persoas seguen atrapadas en campos de refuxiados e refuxiadas en condicións deplorables.

No caso de Grecia, só cumpríuse o 6% dos compromisos de recolocación. A este



ritmo, tardaríanse 16 anos en cumprir os compromisos de recolocación. É unha vergonza que Europa non poida deixar de lado a política e resolver esta crise humanitaria compartindo equitativamente a responsabilidade dun número relativamente pequeno de persoas refuxiadas.

No caso de España, as cifras falan por si soas. En setembro de 2015, España comprometeuse a recolocar a 15,888 persoas procedentes de Grecia en Italia, das que, a 16 de xaneiro de 2017, chegaron 690 persoas. Por outra banda, no primeiro trimestre de 2016, o noso país comprometeuse a reasentar a 1,449 persoas, das cales, a 16 de xaneiro de 2107, chegaron 289 persoas.

É dicir, máis dun ano logo destes compromisos, España acolleu a 979 persoas. Unha cifra moi afastada das 17.337 persoas que o goberno comprometeuse a acoller.

Tendo en conta o anterior, o Concello de Redondela insta ao Goberno de España a:
Axilizar de xeito significativo o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa recolocación e reasentamiento;

Cumprir no prazo previsto os compromisos acordados coa UE de acoller a 17.337 persoas.”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que considera que nin a Unión Europea nin o noso país están á altura da situación. Rexeita a política que se está a levar a cabo e están a favor da moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que quere compartir a situación que están a vivir miles de refuxiados en toda Europa. Refírese, por exemplo, á situación creada en Calais con respecto a moitas persoas cuxo único interese é atopar un acomodo dentro da Unión Europea. Pensa que esta non foi quen de atallar o problema e hai xente interesada en crear guerras e que o panorama agora é moi negro co emperador dos Estados Unidos. Considera imprescindible ser moi sensibles con este tema xa que hai moito por facer.

O concelleiro CRESPO ABAL di que espera que dende Madrid se empecen a respectar os dereitos humanos.

A concelleira REY GÓMEZ di que os socialistas xa presentaron unha iniciativa neste sentido no Congreso co obxecto de que se desenvolvan os programas de admisión de refuxiados e incrementar as axudas humanitarias tendo en conta que a situación nos campamentos é insostible xa que está a morrer xente e a postura da Unión Europea é lamentable.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que están todos de acordo en que non se está a facer nin un terzo do que se debería, tendo en conta que eses refuxiados tiveron que deixar atrás todo o que tiñan. Sinala que ningún país está a cumprir co número de refuxiados que ían acoller e que é un problema gravísimo.

VOTACION E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).



O Alcalde sinala que o debate das dúas mocións que seguen realizarse conxuntamente por coincidir no seu contido e votaranse por separado.

5.3.2. Moción da concelleira non adscrita sobre taxas por utilización do dominio público e pobreza enerxética .

A concelleira Quintáns Costoya indica que retira o punto 2 da proposta contida na moción.

Moción da concelleira non adscrita do día 03/02/201 con número 1.508 que se transcribe a continuación:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A sentenza do 21 de decembro de 2016, da Sección 2, da Sala do Contencioso do Tribunal Supremo sobre a taxa de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalación de transporte de electricidade, gas, auga e hidrocarburos ven de recoñecer a potestade municipal para someter a gravame a aquelas subministradoras que sexan propietarias de instalacións que ocupan o espazo público, ao tender no solo, subsolo ou voo as liñas de alta tensión e as canalizacións que lles permiten distribuír enerxía.

O Supremo permite aos concellos cobrar ás empresas titulares destas infraestruturas o imposto de uso do dominio público ao considerar que os postes e demais elementos da rede teñen categoría de construcións. No seu ditame lembra que ao cuantificar a taxa non se trata de alcanzar o valor de mercado do chan polo que discorren as instalacións que determinan o aproveitamento especial ou o uso privativo do espazo público senón o da utilidade que eses aproveitamentos lle reportan. Por iso, entende admisibles todos os métodos que, calquera que sexa o camiño seguido, desemboquen nun valor que represente a utilidade no mercado obtida polo suxeito pasivo.

E, en contra do criterio das compañías que presentaron recursos, o órgano xudicial, estima que a ordenanza non vulnera a Lei de Facendas Locais.

Dende o noso grupo consideramos que Redondela tamén debe aproveitar o novo marco legal e apuntamos, como exemplo ao municipio de Arteixo, lle suporá o ingreso, para o exercicio 2017, de máis de 4'7 millóns de euros por este concepto así como pola taxa que as empresas deben abonar polo 1'5% da enerxía que subministran.

Actualmente no noso país un 11% dos fogares, 5'1 millóns de persoas decláranse incapaces de manter a súa vivenda a unha temperatura axeitada nesta época do ano. 1 de 5 persoas están en risco de pobreza enerxética. 6'2 millóns de persoas adican máis do 10% dos seus ingresos do fogar ao pago do consumo da enerxía doméstica (electricidade, calefacción e auga quente principalmente)

Sen ánimo de ser exhaustivos destacamos como principais causas da pobreza enerxética ás seguintes:

(i) *A diminución dos ingresos nos fogares máis vulnerables durante a crise económica.*

(ii) *Un parque residencial de baixa ou nula eficiencia enerxética.* Isto é, en parte, herdanza da burbulla inmobiliaria.

(iii) *O aumento do prezo da electricidade.* Dende 2006, o prezo da electricidade doméstica aumentou máis dun 70%. Según datos de Eurostat do 2014.

Concello de Redondela



Para algúns isto só son datos, para nós son persoas que coma Rosa de Reus que faleceu por culpa da pobreza enerxética.

Nenos e nenas, avós e avoas, persoas que sufren día a día non poder quentarse, ou ter que ceiar as escuras, porque tiveron que escoller entre comer ou pagar a luz.

Por todo o anteriormente exposto propoñemos ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

- Atendendo o dereito dos concellos, recoñecido por sentenza, e sendo Redondela deficitario dun tributo ao respecto, crear e desenvolver unha Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte da enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.
- A creación dun regulamento e dunha partida municipal adicada a combater e previr a pobreza enerxética no noso concello.”

5.3.3. Moción do PSdeG-PSOE sobre ordenanza taxa utilización privativa do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

Moción do grupo PSdeG-PSOE do día 03/02/2017 que se transcribe a continuación:

“O Tribunal Supremo, en sentenza do 21 de decembro de 2016, confirma o dereito da administración local a cobrar unha taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público coas instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga, hidrocarburos e similares. Isto inclúe dentro do espazo público ocupado: caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outras subministracións enerxéticas, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos ou utilizacións do dominio público local non recollidos anteriormente. Esta sentenza xurde ante un recurso de casación de empresas eléctricas que consideraban un erro taxar ditas instalacións debido a que entendían que repercutía no valor catastral dos terreos e en un incremento do gravamen que entendían non xustifico.

Na referida sentenza do Tribunal Supremo, entre outras cousas, recoñécese o dereito da administración local a establecer unha taxa ás empresas de electricidade ou outros (transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares) pola ocupación de espazo público municipal, dereitos de paso e outros conceptos ao abeiro do art. 24.1.a) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que di así: “*O importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local fixarase de acordo coas seguintes regras: a) Con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da devandita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público. A tal fin, as ordenanzas fiscais poderán sinalar en cada caso, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial de que se trate, os criterios e parámetros que permitan definir o valor de mercado da utilidade derivada*”.

Dende o PSdeG-PSOE de Redondela, cremos na necesidade de facer uso do dereito,

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno.: 986400300. Fax: 986403894



reafirmado pola sentenza do Tribunal Supremo, que permite ao Concello de Redondela a elaboración dunha ordenanza que mediante taxas cobre pola utilización privativa ou de aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos ás empresas eléctricas pola ocupación do espazo público.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

1. Realización dun estudo da incidencia das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos no Concello de Redondela.
2. Elaboración dunha ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.”

INTERVENCIONS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que as mocións refírense a unha sentenza que obriga ás empresas de distribución de enerxía a saír dun estado de privilexio xa que durante décadas se dedicaron a atravesar o territorio coas súas instalacións sen pagar nada, a pesar de que obtiveron enormes beneficios e de que os recibos pola enerxía eléctrica aumentaron sensiblemente. Considera que é preciso imporlles taxas que poden ir de 3.000 a 10.000 € por metro lineal e Redondela podería saír moi beneficiada, xa que hai moitas liñas de alta e media tensión que atravesan zonas do noso concello ou terreos das comunidades de montes. Formula unha nova proposta consistente en que *unha vez cobradas as taxas a estas empresas, o Concello de Redondela as reinvesta nas diferentes parroquias en función do impacto das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos que por cada unha delas discorren.*

O concelleiro CRESPO ABAL di que están de acordo coas dúas mocións e coa emenda do BNG.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que estas mocións son froito dunha sentenza pero aínda que está de acordo con algunhas cousas que constan nas mocións, o concello xa ten unha ordenanza que regula algunhas desas cuestións e agora a tesoureira está a estudar a posible incidencia da sentenza para modificala, no seu caso. Refírese tamén a unhas notas sobre o tema remesadas pola FEMP. Di que a moción da concelleira Quintáns contén cuestións que xa se están a tratar no eido dos servizos sociais e tivo que retirar un dos puntos porque non consultou antes aos técnicos municipais. Pide que as mocións se retiren e que esperen a que a tesoureira remate o seu informe para logo obrar en consecuencia, dado que xa se está cobrar por algúns dos conceptos que figuran nas mesmas. Indica que o importante é estudar ata onde se pode chegar con esta sentenza e ata que se teñan os informes dos técnicos non se debe adoptar ningunha decisión.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que as compañías eléctricas levan tempo abusando e o que quere é que as prestacións sociais se incrementen por mor da taxa proposta. Acepta a emenda do BNG.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que aceptan a emenda do BNG e piden que, caso de ser legal, se aplique.



O Alcalde sinala que no fondo están todos de acordo aos efectos de que se faga un estudo a fin de valorar se hai que facer unha nova ordenanza ou se modifica a existente. Indica que a proposta do BNG non se sabe se é legal ou non, pero como enfoque pode ser válida.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a ordenanza é diferente e que por exemplo o Concello de Arteixo que ten dúas, unha sobre a subministración e outra sobre o transporte. Sinala que cambiaron a súa moción despois de falar cos técnicos municipais. Indica que a voceira do PP debeu informarlles do contido do informe da FEMP pero somentes lles invitan a participar cando eles queren. Non están de acordo coa retirada da moción solicitada.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o PP tivo tempo de traer os informes pertinentes dende que se presentou a primeira das mocións, o 3 de febreiro. Indica que hai cinco sentenzas que dan a razón ao concello e calcúlase que pode ter unha incidencia de vinte millóns de euros. Considera que o PP defende os intereses das grandes corporacións. A súa emenda vai encamiñada a que as comunidades polas que pasan as liñas sexan compensadas xa que non poden tocar eses terreos .

O concelleiro CRESPO ABAL di que ao ver as mocións falaron cos técnicos e saben que no concello pagan en teoría pola subministración e outra cousa diferente é o transporte. Chegaron á conclusión de que se pode facer. Estima que deben aprobarse e despois estudar como facelo xa que outros concellos xa o fixeron.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que este goberno puxo o 1,5% de taxa ás empresas subministradoras. Indica que o informe da FEMP o tiveron hoxe ás dúas da tarde e que a tesoureira está a estudar polo miúdo este tema. Se non a retiran, vanse abster. Están de acordo co primeiro punto relativo ao estudo pero é mellor retiralas e estudalas despois dos informes.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que non retiran a moción.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a ordenanza do concello é moi limitada e pon como exemplo as de Arteixo, moito máis completas. Indica que Redondela tamén ten un gasoduto e moitas liñas de alta tensión. Di que podería entrañar uns ingresos extras para o concello moi importantes.

O Alcalde sinala que se vai votar a moción da concelleira non adscrita incluíndo a emenda do BNG e a do PSOE tal e como está.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción da concelleira adscrita co engadido proposto polo BNG e a moción do PSdGPSOE anteriormente transcritas, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as sendo 11 votos a favor (6 do PsdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 abstencións (do PP) xunto co engadido proposto polo BNG: *“unha vez cobradas as taxas a estas empresas, o Concello de Redondela as reinvista nas diferentes parroquias en función do impacto das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos que por cada unha delas discorren”*.

O Alcalde explica o seu voto dicindo que están dispostos a apoiar as cuestións que se



refliten na moción pero por unha cuestión de prudencia neste intre precisan que os técnicos municipais rematen os seus informes.

5.3.4. Moción do BNG sobre o mantemento oficina de Correos en Chapela

Moción do grupo municipal do BNG presentada o día 20/01/2017 con número 929 que se transcribe a continuación:

“Exposición de Motivos

Froito do convenio de cesión dun local de propiedade municipal, entre o Concello de Redondela e a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, púñase en marcha no ano 1993 a oficina do servizo postal en Chapela, atendendo a arredor de 10.000 veciños e veciñas desta parroquia e da de Trasmañó.

Hai xa anos que planea sobre esta oficina a ameaza da empresa pública de pechala, seguindo máis criterios de rendabiliade económica que de prestar un verdadeiro servizo público. Malia que as diversas restructuracións de Correos levaron mesmo á redución de persoal, tamén en Chapela, continuouse realizando a oficina continúa coa súa actividade de luns a sábado en horario de mañá.

Co avanza das obras de ampliación da autoestrada na zona de Chapela, a cercanía desta oficina ao terceiro carril que se está a construír pode supoñer o derrubamento dun edificio municipal, onde ademais da sede deste servizo postal desenvólven o seu labor diferentes colectivos da parroquia, como a Comunidade de Montes, a Asociación de Afectados pola AP9 e a propia AA. VV. de Chapela.

Pola súa banda, a Sociedade Estatal Correos e Telégrafos pretende aproveitar a situación para eliminar en Chapela este servizo de carácter público. Presuntamente ningunha das alternativas propostas satisfán as súas necesidades.

A preocupación entre a veciñanza por un posíbel peche medra a medida que as obras seguen o seu plan deseñado. Máis de 10.000 veciños e veciñas deixarían de recibir unha atención de cercanía, pasando a depender de Redondela ou Vigo.

Facéndose eco desta preocupación o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita por parte do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Redondela, a adopción do seguinte ACORDO.

1. O mantemento da oficina da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos en Chapela, rexeitando o derrubamento do edificio no que se localiza ata que non se formule unha alternativa que asegure o futuro do servizo.”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están de acordo en que se manteña o servizo.

O concelleiro CRESPO ABAL di que van a apoiar a proposta e esperan que non lle coste cartos ao Concello.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que apoian tamén a moción porque lles parece que ten que ser así e considera increíble que agora se estea a debater unha moción presentada en xaneiro. Non entende por qué non decidiron aínda o que vai pasar co inmovible e onde vai ir a oficina de Correos. Pregúntase que xestións fixo o equipo de goberno e se ten claro o que van facer, xa que pleno tras pleno está a pasar o mesmo



sobre cuestións que xa tiñan que estar claras en relación coa obra de ampliación da autoestrada en Chapela.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que dende hai anos existe unha ameaza de peche da oficina de Chapela xa que Correos non está disposto a soportar os gastos de situarse noutro lugar aínda que rexeitou todas as alternativas que se lle deron. Seguen a traballar para mantela e neste sentido teñen o apoio de todos os colectivos sociais de Chapela. Di que a casa onde está agora ten ameaza de derrubo dende hai moitos anos. Van votar a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a intervención do concelleiro do PP créalle dúbidas. Sabe que se estudaron alternativas e que a intención de Correos é pechar, polo que o obxectivo da moción é que non se derrube o edificio para que o servizo non desapareza. Di que dúas diputadas do BNG levaron no seu intre iniciativas ao respecto pero agora terán que ser outros os que fagan o traballo. Considera que se o concello recibe ingresos pola expropiación do edificio que os dedique a alugar outro espazo e, en caso contrario, Fomento debería acordar con Correos a nova localización. Estima que o fundamental é o mantemento da oficina.

O concelleiro CRESPO ABAL di que se Correos non quere nin pode asumir ese gastos leva anos de balde nese edificio. Están porque dea o servizo pero non porque o concello poña cartos.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que non saben que a casa teña ameaza de derrubo xa que na mesma non só está Correos senón que tamén se reúne a asociación de veciños. Pregunta pola alternativa xa que hai bastante tempo que sabían o que ía acontecer.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que o derrubamento non é polo novo carril da autoestrada senón que de acordo cos veciños se pretende a mellora dese vial que está precisamente interrompido polo edificio. Indica que Correos debe buscar unha nova localización para esa oficina pero segundo eles non é viable. Apoian non obstante a moción porque están de acordo en que Chapela non perda a súa oficina de correos.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que parece que todo queda nas mans de Correos. Sinala que cando se falou de mellorar o vial pero non se dixo que Correos marchaba. Se trata de que hai que parar a desaparición da oficina.

VOTACION E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

5.3.5. Moción de AER sobre a mellora de axudas a asociacións e da reformulación das bases de subvencións a festivais.

Moción da agrupación de Electores presentada o día 20/01/2017 con número 942 que se transcribe a continuación:

“En Redondela é ben coñecido a importancia e o grande labor que realizan as diversas entidades sen ánimo de lucro no eido sociocultural. Estas entidades veñen realizando



diversas actividades socioculturais ao longo de todo o ano, a maioría delas suplindo a escasa programación que dende a administración local de Redondela se realiza nas parroquias periféricas.

No pasado ano 2016 estas entidades atopáronse nunha situación de incerteza ao non saber ata practicamente o mes de decembro se ían ou non recibir algún tipo de apoio ou axuda en forma de subvención para poder sufragar e manter as actividades que programan ao longo do ano. As habituais axudas de participación cidadá, as axudas para festas, as axudas para festivais e as axudas para actividades culturais retrasáronse ata o mes de novembro na súa convocatoria e a súa resolución non chegou ata avanzado o mes de decembro. Esta situación fai case imposible ás entidades e programadores socioculturais sen ánimo de lucro planificar axeitadamente e cun mínimo de respaldo as súas actividades; e o que é peor, manter programacións e eventos a costa de comprometer a sustentabilidade económica da propia asociación e mesmo chegando a adquirir débedas para poder cubrir as contratacións e gastos das actividades habituais.

Do mesmo xeito, as contías concedidas para actividades culturais, festas e festivais descendieron a pesar de que as partidas consignadas para as axudas deste ano eran maiores que as do ano 2015. De 27.926,80€ concedidos no ano 2015 pasouse a 22.489,62€ concedidos no presente ano, un descenso que se entende polo retraso á hora de convocar as axudas do pasado ano, polas modificacións das bases e total descoñecemento dos criterios, e pola incerteza das entidades ao non saber que liñas se ían a convocar e a que liñas de axuda específica tiñan que presentar os seus proxectos.

Mención especial cabe facer dos diversos festivais que se realizan en Redondela. Por todos é ben coñecido o importante esforzo das diversas entidades que están detrás do numeroso elenco de festivais sen ánimo de lucro, polo que destaca neste eido o Concello de Redondela en toda Galicia. A maioría destes festivais, os que non teñen convenio propio coa administración local, teñen que recorrer ás subvencións que convoca a Concellería de Cultura para poder contar cunha escasa axuda anual para poder sufragar unha pequena parte do evento, sempre gratuito e de acceso libre, que programan para dar a coñecer, dende as diferentes parroquias principalmente, alternativas culturais, musicais e das artes escénicas que non soen encadrarse na programación oficial do Concello. Ou sexa, os programadores de festivais sen ánimo de lucro fan un labor loable de cara a cubrir un nicho cultural ao que a administración non chega.

Os organizadores atopáronse este ano en que a habitual liña de axudas para actividades culturais, na que ata agora entraban os festivais e que no ano 2015 contou con 40.000€ de orzamento para todo tipo de actividades e das que se concederan axudas por un importe de 27.926,80€, no presente ano 2016 esta axuda dividiuse en tres liñas:

1. Actividades culturais a centros e asociacións, cun orzamento de 20.000 €. Concedéronse axudas por un importe total de 11.189,62€, o que vén sendo un 56% da partida consignada.
2. Festas populares, tradicionais e gastronómicas, cun orzamento de 15.000 €. Concedéronse axudas por un importe total de 9.450€, o que vén sendo un 63% da partida consignada.



3. Festivais non profesionais de música e artes escénicas, cun orzamento de 15.000 €. Concedéronse axudas por un importe total de 1.850€, o que vén sendo un 12% da partida consignada.

O retraso na súa convocatoria e nula explicación de que se abrirían tres liñas levou a que entidades descoñecesen por completo a que liña de axudas optar, as datas de cada convocatoria e os criterios que deberían cumprir a priori para optar ás axudas. Así pois aconteceu que ante esta incerteza algunhas entidades optaron por solicitar ás diferentes convocatorias por total descoñecemento de a que presentarse e de se finalmente se ía publicar unha liña específica para determinado tipo de eventos ou non.

A esta situación cabe engadir unhas bases de axudas moi difíciles de cumprir e de acadar as puntuacións mínimas, cuns criterios propios de “festivais profesionais” en vez de festivais organizados por entidades sen ánimo de lucro non profesionais, como corresponde á práctica totalidade dos que existen en Redondela. Unha bases de axudas non consultadas con ningunha entidade cultural de Redondela.

Tal como se puido comprobar na resolución desta liña de axudas para festivais, dun total de once proxectos presentados só acadaron a puntuación mínima dous festivais e a outros dous denegóuselle a axuda ao ter solicitado previamente e vendo que non saían outro tipo de a axudas, pola liña de festas. Compróbase pois que con esta liña de subvencións que o Concello de Redondela convoca coa finalidade de axudar aos festivais sen ánimo de lucro, o goberno local fracasa no súa labor ao non lograr os obxectivos que el mesmo pretendía coa convocatoria.

Por estes motivos, propoñemos ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes ACORDOS:

- 1.- Que as diversas liñas de axudas que se convoquen tanto a Concellería de Cultura como a Concellería de Participación Cidadá destinadas a asociacións, entidades e centros culturais sen ánimo de lucro, se convoquen nos primeiros meses de ano para que as entidades sen ánimo de lucro poidan coñecer os recursos cos que van contar tras coñecer a resolución das axudas. Que do mesmo xeito, os prazos de resolución destas axudas se axilicen o máximo posible e non se deixe para os últimos meses do ano.

- 2.- Que a Concellería de Cultura reformule inmediatamente as bases para festivais contando coas aportacións das entidades organizadoras deste tipo de eventos de cara á súa reformulación, buscando maximizar e lograr o pretendido apoio do goberno local a estas iniciativas sen ánimo de lucro abertas a toda a veciñanza. ”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están de acordo coa moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que celebra que se presente a moción e queren facer algunha puntualización como que non lle parece procedente a expresión “parroquias periféricas”. Considera axeitado o cambio de estratexia da agrupación de electores unha vez que comprobaron que o PP non é recuperable. Considera que ten que haber un regulamento e criterios para as subvencións e facilitar máis as cousas ás



diversas entidades e colectivos.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que lles parece correcto a formulación da agrupación de electores. Parécelle que o PP aproba as bases sen consenso e ao final non se acadan os obxectivos que deberían tendo en conta a cantidade de xente que mobilizan os eventos e para os que é moi necesario que os colectivos saiban con antelación suficiente cos recursos que contan.

A concelleira PARIS BLANCO di que non facía falta traer aquí esta moción xa que ao traballar nas comisións de valoración xa se percataron de que o procedemento é mellorable e debe traballarse nesa dirección. Trátase de axudar para que os colectivos desenvolvan as súas actividades pero iso non implica que o concello se responsabilice das mesmas. Pensa que pode dárselles unha volta para que cheguen a máis colectivos. Comprométese a iso sobre todo no caso dos festivais que teñen un baremo moi esixente.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que espera que se poña pronto a traballar nisto. Agradece que se apoie a moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non lle parece de recibo que a concelleira de cultura diga que o concello non se responsabiliza de que as asociacións e colectivos desenvolvan as súas actividades. Estima que a concelleira está a favor de eventos centralizados por riba dos convenios interparroquiais, moi singulares en Redondela. Di que en moitos colectivos traballan con voluntarismo e habería que botarlles unha man.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que o concello debe impulsar as actividades destas entidades. Non lle parece un bo exemplo que en seis anos o PP tivera catro concelleiros de cultura. Pregunta cando van saír as subvencións e se lles van a axudar ás entidades a preparar a documentación para evitar que as axudas queden sen outorgar, sobre todo no caso dos festivais.

A concelleira PARIS BLANCO di que as bases sinalan que se trata de fomentar actividades de tal xeito que as persoas que as promoven as desenvolvan. Di que para este ano, as bases están xa redactadas e pendentes de informe e cando estean llelas dará a coñecer por se queren realizar algunha suxestión. Pensa que o problema é o límite mínimo para acadar a axuda e quizais hai que modificar este tema. Tamén pensa corrixir as bases relativas ás subvencións para as festas xa que, efectivamente, non son todas iguais.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que, ás veces, a xente das asociacións adiantan os cartos sen ter claro se os van a recuperar.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

O Alcalde sinala que o tempo das mocións xa rematou e propón que se faga unha excepción con respecto á moción do PSOE sobre a cidade dos nenos dándolle a palabra á concelleira París Blanco, quen sinala que sería conveniente tratala por que



pode incidir nunha xuntanza prevista proximamente en Pontevedra.

Ante as protestas do voceiro do BNG, o Alcalde indica que retira a proposta.

5 . 4 Rogos e preguntas.

Preguntas AER diversos temas. (Rex. Entrada 28.02.2017, 2017-E-RC-2.804).

1) Sobre a análise de cumprimento do contrato de abastecemento de auga e saneamento. Tendo en conta os acordos de pleno respecto da finalización do contrato e a convocatoria dunha comisión de seguimento dos servizos privatizados sobre Aqualia, onde se trate tal como se acordou no pleno do pasado mes:

- a) *Verificación dos investimentos comprometidas no contrato.*
- b) *Verificación dos datos de custos e ingresos recibidos nos informes enviados, referidos a gastos e consumos.*
- c) *Actualización de datos de usuarios e planimetría das infraestruturas*
- d) *Comprobación dos investimentos para a mellora da EDAR de Redondela.*
- e) *Outros que a comisión considere*

Polo anteriormente exposto preguntamos:

Cando teñen pensado convocar esta comisión de seguimento dos Servizos Municipais Privatizados?

Resposta:A concelleira PARIS BLANCO di que na segunda quincena de marzo e esperan ter algún orzamento sobre o custo da auditoría.

2) Sobre o Camiño a Costa de Chapela. En relación á problemática do Camiño a Costa na parroquia de Chapela, atopamos unha serie de discrepancias entre a Concellería de Vías e Obras e a voceira do Goberno local. A principios de novembro do pasado ano a Concellería de Vías e Obras mostrou vontade de atenderaos veciños do Camiño a Costa e buscar unha solución; foron atendidos no despacho da concelleira e desprazouse ao lugar acompañada dun técnico municipal para estudar o ensanche do citado camiño. Unha actitude formal e dentro da normalidade, que choca coas declaracións da voceira do Goberno local no pleno ordinario de novembro do pasado ano, nas que afirmou de forma acalorada que o rogo no que estes veciños demandaban o ensanche do camiño era “un panfleto e unha utopía que non se podía realizar”.

Ten pensado o goberno Local actuar sobre o ensanche do Camiño a Costa de Chapela; e ten pensado a voceira do Goberno local pedir desculpas á familia Sueiro Escariz, polas súas desafortunadas declaracións ante o rogo que presentou esta familia no pleno ordinario do mes de novembro?

Resposta: A concelleira BARCIELA BARROS di que está todo respostado tanto á familia como ao propio grupo de AER. Di que hai vontade de facelo pero non se localiza ao propietario para conseguir os terreos.

3) Sobre a actuación realizada na rúa Camiño Real na parroquia de Chapela. No pleno correspondente ao mes de Novembro de 2016, AER presentaba unha pregunta sobre o pintado dunha raia amarela na saída de garaxe con VAO nº774. Pintado que incumpría unha resolución da Alcaldía. O concelleiro de Interior apuntaba que tiña un plan para regular o estacionamento da rúa Camiño Real e así acabaría co conflito xerado polo pintado da citada liña amarela. Preguntámonos se o concelleiro de Interior ve normal que se actúe en toda unha rúa, cando o problema era tan só o pintado



dunha liña amarela dunha licenza de vao. Tamén nos preguntamos se ten constancia a Concellería de Interior de que a citada actuación estea a resolver os problemas que causaba a liña amarela do VAO nº774. A día de hoxe dende AER temos constancia de que o plan da concellería comezouse de forma parcial e non chegou a rematarse polo que preguntamos ao pleno:

Dá por rematada a Concellería de Interior a actuación no Camiño Real de Chapela?

Resposta: O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que somentes están implicadas cinco vivendas xa que se trata dun tramo pequeno e o da liña amarela afecta a dúas. Melloraron o aparcamento de catorce vivendas. Non está rematada a actuación porque falta unha varanda.

4) Sobre as axudas para a creación de oficinas locais de fomento cooperativo e da economía social. O pasado día 15, a Xunta de Galiza publicou a seguinte orde: "Programas de apoio ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social."

Dentro desta existe este programa: "Programa II: Oficinas locais de fomento cooperativo e da economía social."

O obxecto do mesmo é incentivar a participación dos concellos e doutras entidades locais de Galicia no labor de promoción e fomento do cooperativismo e a economía social, subvencionando os gastos da creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo e da economía social, así como a realización de actividades.

Sendo o prazo de presentación dun mes, remata o día 15 de marzo, preguntamos: Solicitaron ou teñen pensado solicitar estas axudas?

Resposta: A concelleira AMOEDO DASILVA di que na oficina de desenvolvemento local están a estudar a orde porque é algo moi específico. Están a favor de participar en todas as iniciativas de fomento do emprego.

Pregunta do PsdeG-PSOE sobre aparcamento na rúa Pai Crespo. (Rex.Entrada 01.03.2017, 2017-E-RC-2.875)

O 11 de febreiro de 2016, un veciño da rúa Pai Crespo presentou un escrito reclamando o cumprimento das normas de tráfico na devandita rúa xa que está prohibido o estacionamento, só permitindo unha parada máxima de 10 minutos, e rentrixido o tráfico a partir das 12:00 horas. A pesar de todo o anterior, o edificio número 4, situado da rúa Pai Cresto, queda normalmente illado no seu acceso polos vehículos que aparcan de maneira reiterada. Cabe engadir, que está a suceder o mesmo problema na rúa Reveriano Soutullo, rúa Meixón Frio, rúa Ribeira e rúa Paseo da Xunqueira.

PREGUNTAS: Por que non se contestou ao escrito do veciño da rúa Pai Crespo? Que medidas tomou o equipo de Goberno Municipal para evitar o problema de aparcadoiro e paso de vehículos na Rúa Pai Crespo?

Resposta: O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que se trasladou o escrito á policía local e se falou en varias ocasións co veciño do número 4 para resolver a situación.

Pregunta do PsdeG-PSOE sobre a mellora da salubridade na rúa Carballiño. (Rex.Entrada 01.03.2017, 2017-E-RC-2.873)

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno.: 986400300. Fax: 986403894



No ano 2016, a veciñanza da rúa Carballiño, situada na parroquia de Cesantes, presentou un escrito, así como numerosas queixas pola rede de sumidoiros que verte augas residuais cando chegan as choivas. Os veciños e veciñas teñen que soportar unha situación contraria á salubridade xa que cada vez que chove, ocasiónase un desbordamento da rede de sumidoiros que enche a zona de excrementos, panos, papel... Neste tempo, a única medida que se tomou foi soldar a tapa da rede de sumidoiros e cando choveu, esta tapa desprendeuse de forma perigosa pola forza da auga.

PREGUNTAS: Que medidas pensa tomar o Concello de Redondela para mellorar a salubridade da Rúa Carballiño?

Resposta: A concelleira BARCIELA BARROS di que esta pregunta terían que facela ela mesma aos que preguntan porque ese saneamento foi unha desfeita que fixo o goberno anterior e agora hai que tratar de resolvelo.

ROGOS:

Rogo do PdG-PSOE sobre a cuberta do edificio de Servizos Sociais. (Rex. Entrada 01.03.2017, 2017-E-RC-2.874)

O tellado do edificio municipal de Servizos Sociais atópase con botellas, bolsas de lixo e demais obxectos. Ademais, o cano, o cal dá á entrada da pranta baixa do devandito edificio, está roto e cando chove verte auga por toda a fachada, ocasionando verdello e traspaso de humidade ao interior das dependencias municipais.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga as xestións oportunas para un mellor mantemento dos edificios municipais do Concello de Redondela.

Rogo do PdG-PSOE sobre a recollida de pluviais na Rúa Loureiro. (Rex. Entrada 01.03.2017, 2017-E-RC-2.872)

Cando chove na Rúa Loureiro, a auga queda estancada no medio da rúa e ao pasar os vehículos salpican a auga ás portas das casas máis próximas, chegando a entrarlles agua dentro das vivendas.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para que se arranxe a recollida de pluviais na Rúa Loureiro.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e nove minutos do día indicado no encabezamento, o Alcalde remata a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-